

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2014, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproba e se fai público o procedemento para a acreditación dos méritos correspondentes á fase de concurso do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as.*

En virtude da Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG núm. 140, do 24 de xullo) convocouse o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, que establece como sistema selectivo o de concurso-oposición.

A base II.2.4 da convocatoria dispón que os méritos correspondentes á fase de concurso deberán referirse á data de finalización do prazo de presentación de instancias e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Dirección Xeral da Función Pública e que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

En cumprimento da previsión anterior, e co obxecto de que os/as aspirantes que superen o quinto exercicio deste proceso selectivo ou estivesen exentos del poidan acreditar os méritos cos que contén na fase de concurso, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e publicar o procedemento que se vai seguir para a acreditación dos méritos correspondentes á fase de concurso do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as.

Segundo. Para acreditar os méritos recollidos na base II.2.1:

a) No caso de servizos prestados na Xunta de Galicia, os/as aspirantes presentarán a documentación segundo o modelo de certificación que figura como anexo a esta resolución e que será expedida e debidamente asinada polas unidades seguintes de acordo co último destino de cada aspirante no día de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*:

– Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as do servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secre-



taría xeral técnica da consellería respectiva, ou titulares dos órganos ou unidades equivalentes das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

– Servizos periféricos: xefes/as territoriais ou, de ser o caso, persoal responsable da área de persoal das xefaturas territoriais da consellería respectiva, ou das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

b) No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, os/as aspirantes presentarán a documentación segundo o modelo de certificación que figura como anexo a esta resolución e que será expedida e debidamente asinada polo funcionario responsable da área de persoal da administración correspondente, deberán achegar, ademais, fotocopia do contrato ou nomeamento.

Para efectos do cómputo dos servizos prestados, os meses consideraranse integrados por 30 días naturais e as fraccións de mes poderán sumarse entre si para acadar un mes completo, despreciándose a fracción resultante inferior ao mes.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto.

Terceiro. Para acreditar os méritos recollidos na base II.2.2, os aspirantes deberán presentar copia debidamente cotexada dos documentos que acrediten ter realizados os cursos recollidos nela.

Cuarto. Todas as follas de documentación que se acheguen deberán estar numeradas correlativamente.

Quinto. Os aspirantes disporán para presentar a documentación sinalada no punto anterior dun prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación polo tribunal no *Diario Oficial de Galicia* das notas do quinto exercicio da fase de oposición ou da resolución pola que se declare a todos os aspirantes exentos del. Esta documentación irá dirixida á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública, Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014

José M<sup>a</sup> Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

CVE-DOG: p0mchfx4-big2-uoj3-vdl7-kppfwiojzig8



## ANEXO

**Méritos que se fan constar relativos á fase de concurso**

Don/Dona	
----------	--

(Nome do/da funcionario/a que certifica)

Cargo	
-------	--

CERTIFICA que, segundo os datos que constan neste centro directivo, \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_;

con DNI \_\_\_\_\_, ten acreditados os seguintes méritos:

## Base II.2.1. Servizos prestados:

Servizos prestados nas administracións públicas en corpos, escalas ou categorías que teñan atribuídas as mesmas funcións que o corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, escala superior de estatísticos/as:

Desde	Ata	Meses e días	Tipo de relación

O que fago constar para os efectos de participación do/da interesado/a no proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 16 de xullo de 2013, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 140, do 24 de xullo, e asino esta certificación en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_.

